

Nome: .....

Curso: .....

Pedro e Helena son compañeiros de clase e deben realizar un traballo para a escola.. Teñen que realizar unha pirámide de poboación dunha cidade do mundo.

Antes de escoller a cidade, primeiro deciden informarse sobre a distribución da poboación mundial, centrándose especialmente no continente europeo e no noso país.



**1** Pedro e Helena buscan información sobre a distribución da poboación mundial. Como se reparten os habitantes polos continentes?

- A Todos os habitantes do mundo residen en Oceanía.
- B Asia ten máis da metade da poboación mundial.
- C En América vive a maioría da poboación mundial.
- D En todos os continentes viven o mesmo número de persoas.

**2** Pedro e Helena preguntáanse cales son os factores xeográficos que inflúen na distribución da poboación sobre o territorio:

- Os seres humanos adoitan asentarse preto dos grandes .....
- e da..... e en zonas onde o relevo é.....

**3** Tendo en conta os factores de distribución da poboación, Pedro identifica a zona de Europa menos habitada:

- A A zona central de Europa, onde hai varias cidades.
- B Ao longo do percorrido do río Rin, onde hai industrias.
- C As áreas montañosas e o Norte de Europa, onde vai frío.
- D Todas as zonas de Europa teñen o mesmo número de habitantes.

**4** Pedro afirma que as áreas máis poboadas de España son as dúas Castelas, mais Helena asegura que é o litoral mediterráneo:

Quen ten razón? Por que? .....

.....